

RESUME DAS INSTRUCIÓNS PARA ÁS BOLSAS N.E.A.E. 2022-23

INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA OS CENTROS RELATIVAS ÁS BOLSAS NEAE 2022-2023

Dende o departamento de Orientación realizamos un resume sobre a convocatoria de becas para alumnado NEAE.

Normativa de referencia: Resolución de 13/05/2022, de la Secretaría de Estado de Educación, por la que se convocan ayudas para alumnado con necesidad específica de apoyo educativo para el curso académico 2022-23

Instrucións a ter en conta:

- 1) As familias cubrirán exclusivamente as solicitudes vía web
- 2) Todas as solicitudes presentadas é obrigatorio tramitalas
- 3) Data de presentación das solicitudes no centro ata o 30 de setembro inclusive
- 4) Lembrar que teñen que estar cubertos e asinados aos apartados correspondentes

Asegurarse de que consten as firmas requiridas:

1.- Na FOLLA 1 referente á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)

2.- No apartado A CUMPRIMENTAR POR TODOS/AS OS/AS SOLICITANTES por parte do pai/nai/titor, e, no seu caso, o resto de membros maiores de idade da unidade familiar. (Todos teñen que asinar)

3.- No apartado B):

- Terá que estar riscada algunha das necesidades polas que se solicita a bolsa. (nos casos de TDAH ten que estar asociados a discapacidade por trastorno grave de conduta – a cumprimentar polo Departamento de Orientación-)

- Cumprimentarse todos os apartados da táboa que figura na parte inferior do documento.

4.-No apartado D (gabinete ou centro reeducador): deberán consignarse as horas semanais e a duración prevista do servizo ou programa.

NOTA: Falta de sinaturas nestas dúas páxinas será causa de denegación da bolsa ou axuda.

5) Tamén se comprobará (o colexio comprobará) que aportan a documentación necesaria, sobre todo a seguinte:

1.- En caso de presentar a beca por Discapacidade, presentación da documentación acreditativa do certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% (art 2.4).

2.- No caso de detectar erros ou falta de documentación o centro ou a admistracón requirirá a corrección dos mesmos nun prazo de 10 días, indicándolles que de non facelo entenderase por desistida a súa petición.

3.- Comprobarase a consignación na solicitude dunha conta corrente na que conste como titular ou cotitular o propio beneficiario o caso contrario dará lugar a denegación (se foi

RESUME DAS INSTRUCIÓNS PARA ÁS BOLSAS N.E.A.E. 2022-23

autorizado o/a director /a do centro educativo para percibir a axuda figurará este). En relación con isto, deberá presentarse certificado da conta bancaria expedido polo banco a nome do beneficiario da bolsa

- DARÁSELLE OBRIGATORIAMENTE rexistro de entrada as solicitudes e entrégaselle RESGARDO DE SOLICITUDE DE AXUDAS selado á familia.

As axudas van dirixidas ás seguintes situacións:

1.- **Discapacidade:** É obrigatorio entregar un documento de Discapacidade acreditada cun certificado igual ou superior ao 33%

2.- **Alumnado con Trastorno grave de conduta ou alumnado con trastorno grave de comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais** (ten que ter acreditación). Faise unhas acaloracións : A) deben estar asociados a necesidades educativas especiais; alumnado con dificultades para comprender e expresarse que limitan significativamente a súa aprendizaxe, na interacción social e requiren apoios específicos. B) non deben confundirse con outros trastornos da linguaxe (como poden ser o que o DSM 5 diferencia entre trastorno da linguaxe (si ten dereito a bolsa) e trastorno específico da linguaxe (non ten dereito a bolsa)

3.- **Alumnado con trastorno grave da comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais** (ten que estar acreditado o trastorno e deberán estar asociados a necesidades educativas especiais presentando resultados para comprender e expresarse que limiten significativamente a aprendizaxe, interacción social e requira de apoios específicos)

4.- Nos casos de TDAH ten que estar asociado a discapacidade ou trastorno grave de conduta, que se debe acreditar ou informar segundo está incluíndo nalgún dos apartados anteriores.

5.- T.E.A. que requira apoios ou atencións educativas específicas (é necesario aportar certificado médico expedido polos servizos de saúde sostidos con fondos públicos e acreditar a NEAE polo Departamento de Orientación)

6.- **Altas capacidades** (ten que estar acreditado e ter un programa específico de altas capacidades intelectuais ao que asiste o alumnado.)

NOTA: A administración denegará aquelas solicitudes de Reeducación Pedagóxica ou Linguaxe que non teñan marcada algún dos supostos que indique a necesidade que precisa e certifica do apartado B) ou tiña riscado o recadro NINGÚN DOS ANTERIORES.